

## PROGRAMA DE CONVOCATORIAS E AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2020<sup>i</sup>

### VICERREITORIA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

A efectos de que os Grupos de Investigación e o persoal investigador en xeral poda planificar as súas actividades, a continuación relaciónanse as diferentes liñas de axudas que a Vicerreitoría de Investigación e Innovación publicará durante o exercicio 2020.

#### 1.- AXUDAS Á PUBLICACIÓN EN ABERTO

Esta liña de Axudas ten por obxecto mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto nas mais prestixiosas publicacións do JCR e outras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia

O importe destas axudas irán destinadas a financiar, en todo ou en parte, publicación en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR e doutras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia na Área temática correspondente. Cofinánciase a factura correspondente á cota de edición dos artigos publicados/aceptados sen financiamento previo entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de setembro de 2020.

Poderán solicitar estas axudas os investigadores asinantes da respectiva publicación que figuren adscritos a un Grupo de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e que presenten Conta ORCID activa e actualizada a 2020 no momento de solicitar a axuda.

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 50.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-2301-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020. Estas axudas están cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2020. Ao abeiro do orzamento dispoñible e do número de solicitudes presentadas o importe das axudas será establecido pola Comisión de Avaliación. Esta Comisión poderá fixar unha porcentaxe de cofinanciamento e o máximo a percibir por axuda será de 3.000 €.
- Data prevista de publicación: Abril. A convocatoria terá dous prazos de solicitude (abril/setembro)

#### 2.- AXUDAS Á ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E REUNIÓN CIENTÍFICAS

Liña de axudas á organización de Congresos que cumpran as características seguintes:

- Preferentemente Congresos de relevancia, preferentemente internacional, con participación na organización dunha entidade de referencia no campo (Sociedade ou Asociación científica...):
- A organización do Congreso corresponde basicamente á USC que participa de forma activa na mesma. A participación da USC debe xustificarse
- Congreso conta cun comité científico no que participan, ademais de expertos nacionais, expertos internacionais de recoñecido prestixio,
- Congreso terá unha asistencia estimada superior a 100 participantes
- Congreso dispón de cofinanciamento doutras entidades nacionais ou internacionais,

- Congreso Inclúe actividades de divulgación ou comunicación dos seus resultados á comunidade científica e á sociedade,

A axuda que se impulse irá dirixida a cofinanciar os gastos derivados da imaxe e difusión do Congreso, a publicación dos resultados dos congresos, e gastos da reunión (aluguer de salas, equipos audiovisuais, tradución simultánea....

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 70.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-2301-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020. Estas axudas están cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2020 e a Deputación de Coruña. Ao abeiro do orzamento dispoñible e do número de solicitudes presentadas o importe das axudas será establecido pola Comisión de Avaliación. Esta Comisión poderá fixar unha porcentaxe de cofinanciamento e o máximo a percibir por axuda será de 3.000 €.
- Data prevista de publicación: Abril. A convocatoria terá dous prazos de solicitude (abril/setembro)

### 3.- AXUDAS Á MOVILIDADE DE INVESTIGADORES PREDOUTORAIS (R1) E POSDOUTORAIS (R2)

Esta liña de Axudas ten por obxecto promover e facilitar a mobilidade internacional do persoal investigador en formación, tanto na etapa predoutoral como posdoutoral. As axudas están dirixidas a Grupos de investigación que presentarán a proposta de mobilidade de investigadores R1 e R2 adscritos ao Grupo solicitante e serán aplicadas ao cofinanciamento de viaxe e estancia dun mes de duración.

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 135.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-359B-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020, e o máximo a percibir por axuda será de 1100 € cunha reserva inicial de 16 estancias por cada unha das 4 grandes áreas. Estas axudas están cofinanciadas polo *Banco Santander* no marco do Convenio de colaboración asinado para o exercicio 2020
- Data prevista de publicación: Marzo

### 4.- AXUDAS A PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN

Esta liña ten por obxecto promover e facilitar a incorporación de alumnos de mestrado á Grupos de Investigación para favorecer na súa formación a inclusión da competencia de innovación e creatividade. As axudas están destinadas a financiar prácticas extracurriculares remuneradas (3 meses) a tempo parcial (20 horas/semana) de xoves estudantes que vaian a desenvolver o seu traballo de fin de máster (TFM) baixo a dirección dun investigador adscrito a un dos Grupo de Investigación do catálogo da USC.

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 125.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-359B-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020, e o máximo a percibir por axuda será de 1700 €, repartíndose 15 axudas por cada unha das 5 grandes áreas da USC. Estas axudas

están cofinanciadas polo *Banco Santander* no marco do Convenio de colaboración asinado para o exercicio 2020

- Data prevista de publicación: Marzo-Abril

## 5.- AXUDAS Á CAPTACIÓN/RETENCIÓN DE INVESTIGADORES POSDOUTORAIS

Esta liña de Axudas ten por obxecto promover e facilitar a contratación de investigadores posdoutorais. Poderán presentarse aqueles investigadores que teñan como mínimo 4 anos de experiencia posdoutoral, contén coa acreditación I3, e sexan avalados por un grupo de investigación da USC. A duración do contrato será de 4 anos.

Valorarase positivamente a incorporación nun grupo de investigación cuxa maioría de membros está adscrito nun Instituto de Investigación da USC, nalgunha das Agrupacións Estratéxicas BioRedes e AEMAT ou en Grupos que participasen na definición das Axendas Científicas das Agrupacións afíns ao Campus de Cidadanía definidas no ano 2018.

Pola contra queda excluída a adscrición aos Centros Singulares (CIMUS, CIQUS, CITIUS, IGFAE) ou na Agrupación Estratéxica Consolidada CRETUS e, por extensión, o aval de Grupos onde a maioría dos seus membros estean adscritos nos referidos Centros.

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 250.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-359B-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020, e o máximo a percibir por axuda será de 62.500 € (incluídos todos os custos do contrato e a mochila de apoio á investigación) cunha reserva inicial de 1 praza por cada unha das 4 grandes áreas. Estas axudas están cofinanciadas polo *Banco Santander* no marco do Convenio de colaboración asinado para o exercicio 2020
- Data prevista de publicación: Marzo

## 6.- AXUDAS PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS NO MARCO DO PROGRAMA ERC

Co obxectivo de promover a petición destas axudas estratéxicas por parte do persoal investigador da USC, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación abre unha Liña de Axudas destinadas a co-financiar os custos asociados aos traballos de asesoramento ou consultaría na preparación e redacción da proposta a presentar ao ERC.

Esta Liña de Axudas estará aberta ao longo do ano 2020 estando dirixida a aquelas propostas formalizadas a través da Unidade de Proxectos Europeos da Vicerreitoría de Investigación e Innovación que se teñan presentado ou se presenten no marco das convocatorias xestionadas polo ERC. Especificamente contemplaranse as solicitudes presentadas nas convocatorias ERC-2020-StG, ERC-2020-CoG, ERC-2020-AdG e ERC-2020-SyG dentro do Programa H2020, así como as posibles convocatorias para o ano 2021 publicadas polo ERC dentro do Programa Horizonte Europe que teñan o mesmo obxectivo e cuxo peche teña lugar ao longo do ano 2020.

- Financiamento e contía das Axudas: O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 15.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-2301-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020, e o máximo a percibir por axuda será de 2.000 €.

- Data prevista de publicación: Marzo

## 7.-AXUDAS A INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN

**7.1.- Proxectos de Investigación Colaborativos.** Os proxectos propostos deberán responder a dous obxectivos básicos:

- Promover a colaboración entre dous ou mais grupos do Instituto promotor
- Contribuír ao desenvolvemento da Axenda Científica do Instituto e aos seus obxectivos de posicionamento no entorno
- Financiamento dispoñible: 126.000 €
- Data prevista de publicación: Marzo

**7.2.- Contratos de Iniciación a Investigación.** Os contratos a tempo parcial, cunha duración de 6 meses e unha remuneración de 650 mensuais, permitirán ao alumnado de mestrado compatibilizar o programa formativo de inicio á investigación co desenvolvemento do TFM.

- Financiamento dispoñible: 105.000 €
- Data prevista de publicación: Marzo-Abril

O financiamento das axudas aos Institutos de Investigación efectuarase no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2020.

Febreiro 2020

Vicerreitoría de Investigación e Innovación

---

<sup>i</sup> A convocatoria que finalmente se publique para cada axuda concreta poderá mudar nalgún aspecto os requisitos e condicións das axudas